

DIALECTOLOXÍA.

AS VARIETADES XEOGRÁFICAS. BLOQUES E ÁREAS DO GALEGO.


As diferenciacións que se dan na lingua atendendo ao criterio espacial ou xeográfico denomínanse **variedades diatópicas** ou **dialectos**.

No caso do galego, os recentes estudos de dialectoloxía indican que o conxunto de diferenzas lingüísticas de cada zona son pequenas, polo que máis que de dialectos debemos falar de **falas**. Estas delimitan tres grandes zonas ou **bloques lingüísticos: bloque occidental, bloque central e bloque oriental**. No interior destes bloques poden, asemade, distinguirse certas **áreas e subáreas**. O bloque occidental é o máis innovador, sobre todo na fonética, fronte ao oriental que é o máis conservador, isto é, o máis achegado ao latín.

O galego caracterízase, pois, por presentar unha grande unidade estrutural en todo o territorio, malia o que podiamos agardar por mor do espallamento e o illamento histórico da poboación, así como pola falta ata tempos recentes dunha variedade estándar que servise de elemento cohesionador.

Os fenómenos dialectais do galego superpoñense uns aos outros con cadansúa **isoglosa**: unha liña imaxinaria que traza o límite dunha forma lingüística peculiar.

BLOQUES E ÁREAS DA LINGUA GALEGA



TRAZOS DIFERENCIADORES DAS FALAS DO GALEGO

1. Trazos fonéticos:

1.1. **Alteración do timbre etimolóxico das vogais medias tónicas** (mapas 1 e 2). Son fenómenos propios do bloque occidental e de parte do central.

Están producidos por:

- **unha consoante nasal ao final da sílaba que pecha a vogal:** *d/ɛ/nte, p/ɔ/nte* péchanse en *d/e/nte, p/o/nte*.
- **metafonía de -o/** final, que pecha a vogal anterior: *m/ɛ/do, p/ɔ/sto* péchanse en: *m/e/do, p/o/sto*.
- **metafonía de -a/** final, que abre a vogal anterior: */ella, h/o/ra* pasan a */ɛ /la, h/ɔ/ra*.

1.2. **Seseo** (mapa 3): pronuncia de /θ/ como /s/. Afecta ao bloque occidental e a unha franxa do central. Hai dúas formas de seseo: seseo implosivo: só a final de sílaba; seseo explosivo: a principio de sílaba. Segundo isto, en Galicia atopamos:

- **seseo total** (implosivo e explosivo): *sinco, disir, des, lus*. É propio da metade occidental da Coruña (área Fisterrá) e e zonas costeiras da provincia de Pontevedra.
- **seseo parcial** (implosivo): *cinco, dicir*; pero *des, lus*. Afecta unha franxa do bloque occidental colindante coa anterior, e á zona occidental do bloque central.

1.3. **Gheada** (mapa 4): fenómeno do bloque occidental, da metade occidental do bloque central e tamén na pequena área ancaresa do bloque oriental.

Consiste na pronuncia do /g/ como aspirada farínxea, sexa /h/ ou /x/ (nas vilas costeiras): *hato, amiha*.

No **grupo -ng-** poden darse tres posibles pronuncias: *domingo, dominho* ou *dominko*.

1.4. **O grupo latino -ULT-** realízase como **ui** (*muíto, luíta*) en dúas áreas do bloque occidental (fisterrá norte e suroeste de Pontevedra) e no bloque oriental, onde tamén aparecen *mutiío* e *mutio* (mapa 5)

1.5. Conservación do **ditongo latino** en **cua e gua**: *cuatro, guardar* no bloque oriental e no sur do central e do occidental, no resto do territorio: *catro gardar* (mapa 6)

2. Trazos morfosintácticos:

2.1. **Plural das palabras agudas rematadas en -n** (mapa 7). Estas isoglosas delimitan os os tres bloques:

- Bloque occidental: *pantalóns, cans*.
- Bloque central: *pantalós, cas*
- Bloque oriental: *pantalois, caís*

2.2. **Resultado das terminacións latinas -anum, -anam** (mapa 8):

- No bloque occidental: **-án** para masculino e feminino: o *irmán, a irmán, chan, mañán, mazán, lan*
- Nos bloques central e oriental: **ao (masc)/á** (fem): *irmao, chao, verao /irmá, mañá, mazá, la.*

Unha pequena zona ao norte do bloque central (arredor de Ferrol) presenta **-á** para masc e para fem: *miña irmá e meu irmá.*

2.3. As terminacións latinas **-inum, -inam:**

-iño, -iña en case toda Galicia: *camiño, sobriño, sobriña.*

-ín, -iña en case todo o bloque oriental: *camín, sobrín, sobriña*

-ín, ía na área asturiana do bloque oriental: *camín, sobrín, sobría.*

2.4. As terminacións latinas **-enum, -enam:**

-eo, -ea en case toda Galicia: *cheo, chea*

-en, -ía na área asturiana: *chen, chía.*

2.5. Pronome **TI/TU.**

- **TI** nas provincias da Coruña e Pontevedra.
- **TU** en parte do bloque central, nunha pequena franxa do sur de Pontevedra e no bloque oriental (mapa 9)

2.6. Pronome **IL/EL**

- **IL** na área lucu-auriense do bloque central e nunha pequena franxa colindante do bloque oriental.
- **EL** no resto do territorio (mapa 10)

2.7. Diferenciación de **TE** (CD) de **CHE** (C I) (mapa 11)

- **CHEÍSMO** na área fisterrá do bloque occidental: *vinche, vinche a casa,*
- **TEÍSMO** na subárea tudense e en zonas do bloque oriental: *vinte a casa.*

2.8. Diferenza de **LLE** (sing) e **LLES** (plural) (e polo tanto, de **llelo, llela...**) en Lugo e na franxa oriental da Coruña (mapa 9).

Uso único de **LLE e LLO para singular e plural** no resto do territorio.

2.9. **Demostrativos** (mapa 12)

- **este, esta, esto; ese, esa, eso; aquel, aquela, aquilo** en case toda Galicia,
- **iste, esta, esto; ise, esa, eso; aquil, aquela, aquel** na mesma área de uso de **il** (lucu-auriense.)
- **este, esta, isto; ese, esa, iso; aquel, aquela, aquilo** no nordeste da Coruña e no sur de Pontevedra.

3. Na morfoloxía verbal:

3.1. A P5 do presente de indicativo da CI: **cantades** (mapa 13):

cantades na maior parte dos bloques occidental e central,

cantais no bloque oriental e nunha pequena franxa colindante do central,

cantás nunha zona do occidental (norte da área fisterrá),

cantandes na área tudense e no sur da lucu-auriense.

3.2. A VT da P2 do pretérito: **colliches** (mapa 14):

no bloque occidental : *colleche(s)* ou *colleste(s)*

nos bloques central e oriental: *colliche(s)*

3.3. A VT da P3 do pretérito das C. II e III: **colleu, partiu** (mapa 15):

no norte do bloque occidental: *comiu, partiu*

no centro do occidental e no norte do central: *comeu, parteu*

No resto do territorio, solución estándar: *colleu, partiu*.

3.4. **Cantábamos, falaríamos...**(esdrúxulas) na área fisterrá, no norte de Galicia (bloques central e oriental) e noutras zonas do bloque oriental,

cantabamos, falaríamos... (graves) na maior parte do territorio (mapa 16).

3.5. Os verbos irregulares presentan numerosas variantes: oír / ouvir, facer / faguer, traer / tragner..., esteña, seña...

II. BLOQUES, ÁREAS E SUBÁREAS:

1. **BLOQUE OCCIDENTAL.** Abrangue a metade occidental das provincias da Coruña e Pontevedra e unha zona no suroeste da provincia de Ourense. A isoglosa que o separa do bloque central é a de **pantalóns, cans...**

Trazos característicos:

- **Existencia de gheada:** *ghato*.
- **Seseo implosivo.** Hai seseo total na franxa máis occidental.
- **Plural das palabras rematadas en – n:** *xamóns, cans*.
- **Solución para o sufixo –anum: terminación –án para masc e fem:** *o irmán/a irmán e* en palabras con esa terminación: *mañán, chan, lan...*
- **Pronomes suxeito TI, EL.**
- **Diferenza de Te (CD) / che (CI) pero cheísmo** na área fisterrá e **teísmo** na subárea tudense.
- **O grupo latino –ULT-** realízase como **oi:** *oito* (pero **ui** na área fisterrá norte e na tudense: *uito*)
- **Os ditongos latinos cua e gua realízanse perdendo u:** *catro cadre, cando...*

- **O Sufixo – INUM latino realízase como -iño** : *muíño, amiguiño, madriña...*
- **Demostrativos** *este, ese, aquel... esto* (isto só no sur de Pontevedra)
- **Pronomes lle e llo para singular e plural,**
- **Metafonía** de –o e de –a final : / *medo/ /ε la/*
 - Formas da p2 do pretérito de indicativo con VT-e- : *colleches, vendeches*
 - *comiu, partiu(norte)/ comeu, parteu(centro); cantades/ cantás*

No bloque occidental diferéncianse 3 áreas :

1.1 Área fisterrá. Caracterízase polo **seseo total e o cheísmo.**

Diferéncianse dúas subáreas:

- **Subárea fisterrá do norte** ou do Xallas: ditongo –ui: *muíto, uíto e vogal temática –i- en formas verbais da p3 do pretérito dos verbos da 2ª e 3ª conxugación colliu, partiu.*
- **Subárea fisterrá do sur** ou do Tambre: ditongo -oi: *moíto; VT-e-: colleu, parteu.*

1.2 Área bergantiñá:

- seseo parcial: *cinco, des*
- ditongo –oi : *moíto*
- sen cheísmo: *quérote*

1.3. Área pontevedresa:

- Seseo na costa / non seseo no interior
- ao norte *comeu, parteu* / ao sur *comeu, partiu*
- *isto, iso, aquilo* ao sur;
- sen cheísmo: *vinte, quérote* pero **teísmo** na **subárea tudense**: *lévote os libros*

2. BLOQUE CENTRAL. Inclúe toda a Galicia central: falares do nordeste e interior da Coruña, interior da provincia de Pontevedra e as provincias de Lugo e Ourense. A isoglosa que o separa dos outros é a de **pantalóns/pantalós.**

Trazos característicos:

- **Seseo implosivo** na franxa achegada ao bloque occidental: *zapato, lus.*
- **Gheada na metade occidental:** *aghulla/ agulla*
- **Solución AO/Á para o sufixo –ANUM:** *o irmáo / a irmá; chao, mazá, mañá;*
- **Plural -S das palabras rematadas en –n:** *pantalós, cas.*
- **Pronomes suxeito TI, EL** (pero TU, IL na área luco- auriense)
- **Diferenza Te(CD)/che(CI).**
- **Realización do grupo latino –ULT- como OI:** *moíto coidado coa troita.*
- **O ditongo latino *cua e gua* realízase perdendo u:** *catro/ cuatro*
- **Sufixo –iño para – INUM latino:** *sobriño, rapaciño...*
- **Demostrativos:** *este, ese, aquel...esto/ iste, ise, aquil* (na área luco auriense)
- **LLES e LLELO** (Lugo); **LLE E LLO** (Ourense)

- **Formas da p2 do pretérito de indicativo con VT -i-** : *colliches, vendiches*.
- Metafonía parcial.

No bloque central diferéncianse 3 áreas:

2.1 Área central de transición no centro: *colleu, parteu/ colliu, partiu, miña irmán*

2.2 Área mindoniense: pronomes *nosoutros, vosoutros*; subxuntivos: *partemos, collemos; esteña, seña...*

2.3 Área lucu-auriense: pronomes *il, iles; tí/tu* ; **demonstrativos** : *iste, ise, aquil VT* : *colleu, partiu*

3. BLOQUE ORIENTAL. Constituído polo galego falado ao leste de Lugo e Ourense e no galego exterior (occidente de Asturias, León e Zamora). A isoglosa que o separa do central é a de *pantalois*.

Trazos característicos:

- Ausencia de seseo.
- Ausencia de gheada (agás nalgunha localidade da área ancaresa).
- Solución **AO/A** para o sufixo –ANUM: *o irmao, a irmá, o chao, a la*.
- **Plural -IS** das palabras rematadas en –n: *pantalois, casi, aviois*
- Pronomes suxeito **TU, EL**
- Diferenza **TE/CHE** (pero **teísmo** na área zamorana)
- **O grupo latino ULT** realízase formas: *muito, mutio ou muto*.
- **O ditongo latino cua e gua** realízase como ditongo –**UA**: *cuatro, guardaría*
- Terminación –**ín para o sufixo – INUM latino**: *camín, sobrín, paxarín, rapacín*
- Demonstrativos *este, ese, aquel...*; *esto, eso, aquilo*
- Pronomes *lle, llo / lles, llelo*
- Formas da p2 do pretérito de indicativo con VT -i- : *colliches, vendiches*.
- Sufixo –**is** na 2ª persoa plural do presente: *cantais, coméis*; e –**i** para imperativo: *cantai, comei*
- Non hai metafonía

No bloque oriental diferéncianse 3 áreas:

3.1. Área asturiana:

- conserva o -l- intervocálico latino: *avolo, molín, moler, animales...*
- terminacións –**ius, -ias**: *molius, sardias, veciu, vací* fronte ás común –**iños, -iñas**
- artigo indeterminado e indefinidos *úa, algúa, ninguha*
- posesivos *mou, tou, sou; mía túa súa*

- *artigo el/l': el día, l'amigo (diante de vogal) e a /l': a casa, l'aherba (diante de vogal)*

3.2 Área ancaresa:

- vogais nasais: *cañes, uñas, vecña*
- gheada
- *irmao* para masculino e *irmá* para feminino
- formas verbais VT-i- : *colliu, collira, collise, dixen, collí*
- cheísmo

3.3 Área zamorana:

- teísmo: *dixente que si*
- sufixo- iño: *paxariño*
- *muto, truta.*
- ditongo –oi e ou: *noite e noute; dois e dous.*
- pretéritos *collí, partí, fice*
- uso do alomorfo o do pronome despois de verbo rematado en ditongo decrecent : *seio por seino, haio, deixouo...*

III. O GALEGO EXTERIOR. O galego úsano uns dous millóns e medio de persoas en Galicia e nas comunidades de emigrantes polo mundo, pero tamén é a lingua do chamado **galego exterior**, isto é, dos falantes do bloque oriental de zonas fronteirizas alleas á administración galega:

- do occidente de Asturias: uns 50.000 falantes pertencentes á área asturiana;
- do Bierzo occidental, provincia de León: uns 25.000 falantes;
- da pequena área de Portelas, provincia de Zamora;
- do Val das Ellas (Extremadura): falan unha variante arcaica levada por colonos galegos no século XIII durante a Reconquista.

O galego exterior está desprotexido a nivel legal, non é lingua cooficial.

NOTA: nas probas de ABAU soe valorarse 0,10 por coñecer os bloques dialectais e 0,30 por indicar tres características fundamentais de cada un.

Trazos dialectais	Bloque occidental		Bloque central		Bloque oriental
gheada	<i>ghato</i>		<i>ghato</i>	<i>gato</i>	
Seseo	<i>sapato, lus</i>	<i>Zapato, lus</i>	<i>zapato, lus</i>	<i>zapato, luz</i>	<i>zapato, lus</i>
sufixo -anum lat	<i>o irmán, a irmán chan, lan, mañán</i>		<i>irmao, irmá chao, la, mañá</i>		<i>irmao, irmá chao, la, mañá</i>
plural palabras -n	<i>xamóns, cans</i>		<i>xamós, cas</i>		<i>xamóns, cans</i>
pronomes TI/TU	<i>TI /tu (nunha pequena franxa no sur de pontevedra)</i>		<i>TI/ TU (lucu- auriense)</i>		
Pronomes EL/ IL	<i>EL</i>		<i>El / il e iles na área lucu- auriense</i>		
TE(CD)/CHE(CI)	<i>Te/ che cheísmo na área fisterrá teísmo na área tudense</i>		<i>te / che</i>		<i>teísmo na área as. e tudense</i>
O grupo latino ULT ditongo oi/ui	<i>Moito/muito (área fisterrá norte e tudense)</i>		<i>moito</i>		<i>Muito</i>
ditongos latinos cua, gua	<i>Catro, garda</i>		<i>Catro, garda/cuatro, guarda</i>		<i>Cuatro, guarda</i>
sufixo- inum lat (-iño/-in)	<i>rapaciño, rapaciña, camiño</i>		<i>rapaciño, rapaciña, camiño</i>		<i>rapaciño, rapaciña, camiño na área as. e tudense</i>
demonstrativos	<i>este, ese aquel... esto/isto no sur de pontevedra)</i>		<i>este, ese, aquel/ iste, ise, aquil (na área lucu- auriense) esto /isto nunha zona da área mindoniense)</i>		<i>este, ese, aquel isto, isto</i>
morfoloxía verbal	<i>colleches /collestes/ comiu, partiu (no norte) comeu, parteu (centro) cantades /cantás</i>		<i>colliches comeu, parteu (no norte) comeu, partiu (no resto) cantades/cantandes (área lucu- auriense)</i>		<i>colliches comeu, parteu cantades/cantandes</i>
metafonía	metafonía: <i>ela medo posto hɔra</i>		<i>ela/ela medo posto/pɔsto hɔra/hora</i>		<i>ela/ela medo posto/pɔsto hɔra/hora</i>
Lle/lles Llo/llelo	<i>Lle llo</i>		<i>Lles e llelo (Lugo) LLe e llo (Ourense)</i>		

RESUMO CARACTERÍSTICAS DOS BLOQUES E ÁREAS DIALECTAIS DO

GALEGO.

1. BLOQUE OCCIDENTAL.

- Existencia de **gheada**: ghato.
- **Seseo total** nas zonas máis costeiras (sapato, des) e **seseo parcial** na meirande parte da Coruña e Pontevedra (zapato, lus)
- **Plural-ns das palabras rematadas en – n**: xamóns, cans.
- **Terminación –án para masc e fem**: o irmán/a irmán e en palabras con esa terminación: mañán, chan, lan...
- Pronomes suxeito **TI, EL**.
- **Demostrativos este, ese, aquel e esto**
- **Diferenza de Te (CD) /che(CI)** pero **cheísmo** na área fisterrá e **teísmo** na subárea tudense (sur de Pontevedra).
- **Ditongo –oi-** (oito), pero **–ui-** na área fisterrá norte e na tudense (uito)
- **Sufixo -iño**: muíño, amiguiño, madriña...
- **Os ditongos latinos –cua- e –gua-** realízanse **perdendo u**: catro cadro, cando...

2. BLOQUE CENTRAL.

- **Gheada só na metade occidental**: aghulla/ agulla.
- **Seseo parcial** na franxa achegada ao bloque occidental: lus, zapato
- **Plural -s das palabras rematadas en –n**: pantalós, cas.
- **Terminación ao (masc) /á (fem)**: o irmáo/a irmá; e en palabras con esa terminación: chao, mazá, mañá.
- **Pronomes suxeito TI, EL**, pero **TU, IL** na área luco- auriense.
- **Demostrativos este ese aquel, pero iste, ise aquil** na área luco- auriense.
- **Diferenza Te (CD)/che(CI)**.
- **Ditongo- oi-**: moito, troita.
- **O ditongo latino –cua- e –gua-** realízase **perdendo u**: catro, pero **–ua-** na zona sur da área luco- auriense: cuatro.

3. BLOQUE ORIENTAL. Ausencia de gheada e de seseo

- **Terminación ao (masc) /á (fem)**: o irmáo/a irmá; e en palabras con esa terminación: mao, la.
- **Plural -IS das palabras rematadas en –n e en -l**: pantalois, aviois, animais.
- Pronomes suxeito **TU, EL**
- **Diferenza TE(CD)/CHE(CI)**, pero **cheísmo** na **área ancaresa** e **teísmo** na zamorana)
- **O grupo latino ULT** realízase como **–oi-, -ui--u-**: moito, mutio ou muto.
- **O ditongo latino cua e gua** realízase como **–UA**: cuatro, guardaría
- **Terminación –ín por -iño**: camín, paxarín, rapacín.

1. A que bloque e área pertencen estes enunciados: *Díxenlle que tiña moitos cas, pero il non contestou. Miña irmán abriu isto e aghora non o quere pechar. Ti dixestes que che colliu no colo. Falais mutto cando estais alegres. Levouche no coche? Deite unha mazán.*

2. De que outra forma e onde se poderían dicir as seguintes formas estándar: *gozar, camións, troita, congro, curmán/curmá, aquel verán, catro cancións, padriño, tróuxenche mazás, faleilles ás dúas, ti non escribiches, comeu unha mazá, el fala moito, non é iso, aquel rapaz, estabamos doce e non dez.*

3. Sinala os fenómenos dialectais máis salientables e inclúe os textos no bloque e área correspondente:

BLOQUE..... ÁREA.....

Cando era pequecho iamos sempre coas vacas a iso das nove da mañá. Ise si que era un traballo duro...A miña nai erguíanos cedo porque o primeiro era o primeiro e logo tiñamos que ir á escola. Saía e ceibaba os cas e tu sabes como se poñían, malia centella os collera... Logo de levar as vacas tiña que andar apurado e veña a correr... andar catro kilómetros ata a escola, levando na mao a carteira e a merenda....

BLOQUE..... ÁREA.....

Pola mañán, ai ás catro da mañán lovantan; entonsese, leva sete ou oito horas en levantar o aparello todo, que son vinteatantos palanghres que ha que larghare, ou trinta, é cada palanghre leva sento cincuenta ou, sento, ou dousentos ansuélos. É muito tempo, que alcanza, o menos catro millas. Entonses, despois vense pa puerto, vaise botando o palanghre todo nas sextas, e preparalo, pa nuite volvere outra ves ó mar.

BLOQUE..... ÁREA.....

Si, xa aló polo mil novecientos trinta e dous foise a Madrí, grandes comisiois, fíxose mutos traballos, asta que se chegou a conseguir pra unha estación. Pero, naquel mediano tempo, nós confiados, igual eu cor demais, eu claro, eu era máis joven pero bueno, os outros viejos como lle tiñan malicia confiados pois, foron deixando, asta que despois en Covas, un pueblo que hai aquí inmediato que , está a tres quilómetros, ese é da provincia de Orense, pois empezaron a traballar, iè un gran señor, pois aló lle conseguiu unha estación.

